

MEMORIA DO LECTORADO DE GALEGO

**Curso 22-23 (outubro, novembro e
decembro)**



Instytut Studiów Iberyjskich i Iberoamerykańskich

Lectora: Claudia Mariño Gómez

Responsable: Ana Garrido González

Esta memoria trata os meses de outubro, novembro e decembro de 2022, porque o resto do ano xa foi incluído na memoria final do convenio que rematou o 30 de setembro de 2022.

Alumnos por cadeiras:

Lingua A1: 2

Lingua B1: 5

Cultura: 13

Literatura: 15

Actividades

- No día 16 de novembro organizamos un coloquio (híbrido) con Xulia Alonso Díaz (autora de *Futuro Imperfecto*) e Nuria Vilán Prado (investigadora), no que expuxeron a obra e a súa (posíbel) relación co *cine quinquí*.



- Entro os días 17 e 18 de novembro, o Centro de Estudos Galegos participou na organización do V Congreso Internacional “Redefinindo as marxes dende unha Península Pluricultural: Variación lingüística e ideoloxía”. Este congreso foi organizado polo grupo de investigación (Otra)Iberia, do que o CEG forma parte; xunto cos lectorados de catalán, euskera e mirandes da UW.
 - A conferencia plenaria correu a cargo de Francisco Fernández Rei (Universidade de Santiago de Compostela) e levou por título “A importancia do Atlas Lingüístico Galego na estandarización do galego”


Contamos, ademais, con outras dúas conferencias relacionadas cos estudos galegos:

- “A influencia da política lingüística na ensinanza de galego como lingua estranxeira fóra de España”, a cargo de Sheila Tamara Gondar Tubío (Universidade de Leipzig)

- Cambio de código e acomodación lingüística ante as cámaras de televisión: a gheada e o rotacismo. Unha achega ao cambio lingüístico en galego”, a cargo de Xoán Carlos Goris García (Universidade de Santiago de Compostela)



<https://academia.gal/-/francisco-fern-c3-a1ndez-rei-aborda-en-varsovia-o-papel-do-alga-na-estandarizaci-c3-b3n-do-galego>



- No día 25 de novembro organizamos, en colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve, a palestra (en liña) “A figura da bruxa na literatura: unha vía para analizar os roles de xénero nas aulas”, a cargo de Lucía Salceda García (lectora do CEG da UAlg).



- No día 6 de decembro organizamos a palestra (presencial) “O padre Sarmiento e a orixe da lingua galega”, a cargo de Vitor Míguez Rego (lector do CEG da UPV).

